



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 184
29 de setembro de 2017

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Resolución da Presidencia, do 28 de setembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

[53845](#)

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Rexeitamento da toma en consideración

■ 8740 (10/PPL-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

[53845](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

■ 16476 (10/MOC-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10899, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

[53846](#)

■ 16632 (10/MOC-000046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 14385, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

[53846](#)

■ 16666 (10/MOC-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 13965, publicada

no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

[53846](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 15393 (10/PNP-001208)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora

[53847](#)

I 16054 (10/PNP-001240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega

[53847](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 11240 (10/PNP-001055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos

[53848](#)

I 15666 (10/PNP-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico

[53848](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 10437 (10/PNP-000974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses

[53849](#)

I 13052 (10/PNP-001113)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplejo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiriños-Cabral [53849](#)

I 15198 (10/PNP-001200)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto [53849](#)

I 15416 (10/PNP-001213)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e tres deputados/as máis**

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública [53849](#)

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular**I 8124 (10/PNL-000002)****Comisión Promotora**

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie, nos traballos para o denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia [53853](#)

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento**2.4.3. Convocatorias****I Sesión plenaria (día 4 de outubro de 2017, ás 10.00 horas)**[53851](#)**4. Informacións e correccións de erros****4.2. Correccións de erros**

I Corrección de erros do acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de setembro de 2017, polo que se admite a trámite a Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o apoio institucional na defensa do Estado de dereito en Cataluña (16880 (10/PNL-000005)) [53851](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Resolución da Presidencia, do 28 de setembro de 2017, pola que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia [(doc. núm. 14376, 10/PL-000005)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 17708, o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 2 de outubro de 2017—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 31 de outubro de 2016, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 9, do 8 de novembro de 2016), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 17708, presentado polo G. P. dos Socialistas de Galicia.

2º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de portos de Galicia (doc. núm. 14376, PL-000005), ata o día 4 de outubro de 2017 ás 18.30 horas.

3º. Dar conta deste acordo á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 8740 (10/PPL-000007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei de modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

BOPG nº 112, do 10.05.2017

Sometida a votación, obtense o resultado de 32 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

O Pleno do Parlamento, na sesión do 26 de setembro de 2017, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 16476 (10/MOC-000045)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co actual modelo de prevención e extinción de incendios forestais. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 10899, publicada no BOPG nº 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 16632 (10/MOC-000046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 14385, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 16666 (10/MOC-000047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego en relación coa reforma da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 13965, publicada no BOPG nº 165, do 30.08.2017, e debatida na sesión plenaria do 12.09.2017)

BOPG nº 178, do 20.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 15393 (10/PNP-001208)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego á Deputación Provincial da Coruña da creación dunha mesa de traballo cos concellos da provincia da Coruña percorridos polo Camiño inglés a Santiago de Compostela e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía para a súa mellora
BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, 19 votos en contra e 13 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa á Deputación Provincial da Coruña para a creación da Mesa do Camiño de Santiago na provincia da Coruña, tal como xa foron constituídas nas outras provincias. Esta mesa establecerá logo a súa organización interna con especial atención ás rutas xacobeas que discorren integramente pola provincia da Coruña: o Camiño Inglés e a prolongación do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía.»

- 16054 (10/PNP-001240)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Puy Fraga, Pedro e quince deputados/as máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia, en colaboración coas universidades galegas, dun estudo xurídico da posibilidade e mecanismos que permitan, respectando a legalidade vixente, incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, coñecidas como Pazo de Meirás, sen custo para a cidadanía galega. (Procedemento de urxencia)
BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 32 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco, xefe do Estado español durante os 40 anos da Ditadura, e sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 11240 (10/PNP-001055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para aumentar a convocatoria de concursos públicos de redacción de proxectos de arquitectura e urbanismo, así como propiciar fórmulas de participación dos profesionais novos e dos pequenos estudos

BOPG n.º 144, do 12.07.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que:

—Estableza convenios cos colexios profesionais dos campos da arquitectura, o urbanismo e a enxeñaría para promover e fomentar concursos de ideas, comprometéndose a un incremento progresivo deles ata acadar a porcentaxe do 20 %, sempre que sexa posible en atención ás actuacións que se executen, do total das contratacións de proxectos de arquitectura, urbanismo ou enxeñaría, no horizonte do ano 2020.

—Os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público adopten e poñan en práctica medidas de discriminación positiva nos procesos de contratación, que favorezan o acceso, ou a presenza, nas contratacións de proxectos e obra pública dos profesionais novos e novas, así como dos pequenos estudos de arquitectura.»

- 15666 (10/PNP-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa situación en que se atopan as autoescolas de Galicia a consecuencia do conflito laboral do persoal examinador de tráfico.

BOPG n.º 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 70 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda instar a Xunta de Galicia a:

—Avaliar, en diálogo cos sectores afectados, o impacto da crise derivada dos conflitos coa Dirección Xeral de Tráfico e a necesidade de impulsar medidas fiscais e económicas para evitar o peche de pequenas e medianas empresas e o despedimento de traballadores e traballadoras.

—Dirixirse ao Goberno Central para demandarlle a atención e negociación cos traballadores e traballadoras do persoal examinador de tráfico de cara a buscar un consenso.

—Demandar do Goberno central a transferencia das competencias en materia de tráfico e seguranza viaria.»

Rexeitamento da iniciativa

- 10437 (10/PNP-000974)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia en relación co aumento do número de equipos de valoración e orientación (EVO) para acadar no presente ano a redución das listas de agarda para a valoración do grao de discapacidade ata, como máximo, tres meses

BOPG nº 132, do 21.06.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 13052 (10/PNP-001113)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación co proxecto de construción dun macrocomplejo comercial e de lecer no monte comunal de Liñeiríños-Cabral

BOPG nº 158, do 04.08.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 19 votos a favor, 51 votos en contra e ningunha abstención.

- 15198 (10/PNP-001200)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre a constitución dunha comisión parlamentaria de estudo para a elaboración participativa dunha proposta de plan de transporte público de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego ao respecto

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 15416 (10/PNP-001213)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e tres deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da constitución dunha comisión especial para a análise do expediente orixinal correspondente á doazón do pazo de Meirás a Franco, así como a procura e presentación dos procedementos necesarios para recuperar a súa titularidade pública

BOPG nº 174, do 13.09.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 32 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

Coñecemento das sinaturas, admisión, publicación e prazo de asunción

- 8124 (10/PNL-000002)

Comisión Promotora

Proposición non de lei de iniciativa popular sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie, nos traballos para o denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

BOPG nº 104, do 25.04.2017

A Mesa toma coñecemento do escrito da Xunta Electoral de Galicia (doc. núm. 17260), polo que comunica a acreditación das sinaturas válidas en relación coa Proposición non de lei de iniciativa popular sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie, nos traballos para o denominado Pacto educativo, un debate en profundidade sobre a situación da fisolofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia (doc. núm. 8124, 10/PNL-000002) e acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición non de lei.

2º. Publicar este acordo e o texto da proposición non de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 16, apartados segundo e terceiro da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios poden asumir como propias e convertelas en proposicións non de lei en pleno ou en comisión no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte ao da publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do Rexistro Electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción desde as 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial* da Cámara. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a súa asunción, será asignada a proposición non de lei ao primeiro que o solicite.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios, á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 4 de outubro de 2017, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 4 de outubro de 2017, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 27 de setembro de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 16667, 10/DEBA-000001)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros do acordo da Mesa do Parlamento, do 25 de setembro de 2017, polo que se admite a trámite a Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o apoio institucional na defensa do Estado de dereito en Cataluña (16880 (10/PNL-000005).

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 25 de setembro de 2017, admitiu a trámite a Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o apoio institucional na defensa do Estado de dereito en Cataluña (16880 (10/PNL-000005).


Advertido un erro material no acordo de admisión, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Onde di: «1º. Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular.», debe dicir: «1º. Admitir a trámite a proposición non de lei de iniciativa popular coa substitución no punto 3 da parte resolutoria da expresión “Insta o Goberno de España....” pola expresión “Insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España...”.»

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Á Mesa do Parlamento

A Comisión Promotora formada por Jorge Álvarez, Carme Adán, Ramón Soler, Pilar Fariñas, Mercedes Oliveira, Alberto Mariño, Inés Fernández Buján, Bieito Sousa, Manuel Anxo Fortes Torres, Eva Garea dacordo coa Lei 7/2015 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

Existe un acordo unánime en que a filosofía é unha das dimensións máis profundas na formación, na constitución intelectual, e non só intelectual, dunha persoa; en que a filosofía, antes que unha determinada especialidade dun conxunto de profesionais, é algo ao que todo o mundo está chamado, pois dalgún modo todo o mundo, segundo os momentos, faise preguntas filosóficas, medita, pensa filosoficamente, fai verdade o *dictum* de que “todo ser humano é filósofo”. Non existe menor unanimidade en considerar a filosofía, e así o foi tradicionalmente, como un certo culmen na formación, sen o cal todo o construído ata aí parecería quedar inacabado, incompleto, sen que se puidese reafirmar, ao tempo que redimensionar , todo o aprendido.


E, certamente, a filosofía como unha reflexión de segundo grao, que se fai cargo das ciencias, dos saberes e das accións, e, en definitiva, da experiencia humana, para preguntarse acerca de todo iso, para os contemplar nas súas articulacións, na súa posible totalización, representa un nivel de integración dos saberes e prácticas, de conciencia sobre o admitido e feito, sobre o dado e o posible, que cando falta non é tan só unha mera lagoa de saber o que se produce, senón que á falla de consolidación do

aprendido se lle une unha especie de incompletitude formativa, humana que podería recollerse sinxelamente como un estado de desorientación e quebra de conciencia, de certa vulnerabilidade intelectual.

PARLAMENTO DE GALICIA RÉXIME MANRIQUE ENTRADA
20 de ABR. 2017
Núm. 8124

Toda a tradición europea - desa Europa da que non ten sentido falar sen os nomes de Heráclito, Platón, Aristóteles, Descartes, Espinosa, Hume, Kant, Hegel, Marx, Nietzsche, Beauvoir, Arendt..., da que non pode falarse sen a filosofía mesma- foi moi consciente deste lugar da reflexión filosófica, e por iso, de maneiras diversas, procurou dotar aos seus cidadáns cun ensino da filosofía o máis sistemático posible. En certo sentido, a democracia exixía que a formación na filosofía non fora reservada a unhas elites egrexias, as únicas, como o que sucedía coa teoloxía noutro tempo, que podían ter acceso ao que denominaban as grandes cuestións, as últimas preguntas, ao sentido ou o sen sentido de todo. A igualdade nos dereitos, o fin das barreiras sociais, demandaba, ao mesmo tempo, a eliminación das barreiras de acceso a esa dimensión intelectual de auténtica plenificación humana. Do contrario, intelectual e culturalmente falando, o Antigo Réxime manteríase en pé, a lacerante división entre as cultivadas elites e as xentes necesitadas da guía doutro, dunha autoridade ou dun pastor, constantemente mantidos na heteronomía, sen ser capaces de pensar por si mesmos. Cidadanía plena é isto; por iso nos atrevemos a afirmar que non hai cidadanía, no senso máis fondo do termo, sen filosofía. Ese sería o modo cabal en que a democracia viña a cumprir o fondo nexa que Aristóteles formulara entre o home como *ser de lógos*, de razón e palabra, e como *ser de pólis*.

E, con todo, énos aquí hoxe na triste situación de ter que reivindicar para as nosas escolas que esta ensinanza non desapareza. Por se mesmo isto



representa xa o síntoma dunha grave crise no noso sistema educativo e é máis preocupante nun contexto nada pasaxeiro de fondos cambios de todo tipo (tecnolóxicos, sociais, económicos, políticos, comportamentais, de valores) que afectan fundamentalmente ás nosas vidas, que teñen como un dos seus efectos máis relevantes a perda de sentido, de orientación no mundo, de seguridade nas pautas e formas conductuais que gobernan a nosa existencia, un xeral non saber a que aterse. Denominacións diversas, que circulan en todos os medios, nos falan disto (anomia, crise de civilización, posverdade, poshumanidade, posdemocracia, sociedades líquidas...). Esta é a situación paradóxica, que cando as circunstancias do noso entorno nos demandan máis apremiantemente instrumentos conceptuais para saber confrontarnos a elas, aqueles se nos subtraen, deixan de ofrecerse nos nosos programas educativos. Unha orientación pragmatista, de adaptación inmediatista ás demandas de certo mercado, lamina progresivamente o equipamento teórico dos nosos e das nosas escolares, quedando exposto/ass, inermes para enfrontarse autónomamente ao seu mundo. E non cabe dúbida que unha boa parte do arsenal que nos arma ante iso atópase no pensamento dos mais grandes, niso que se chama Historia da Filosofía.


Nos últimos tempos, no estado español, se veñen producindo distintas modificacións no sistema educativo que na súa diversidade conflúen nunha progresiva retirada da educación en filosofía. A última é a representada pola chamada lei Wert, que comporta a supresión da Historia da Filosofía como materia común para o alumnado que culminan o seu bacharelato. Por primeira vez vaise dar a situación de alguén que obtendo o título dun ensino ao que se aspira podan acceder toda a cidadanía, aos seus dezaioito anos, capaz de elixir e ser elixido/a na área pública, que se incorpora ao mundo do traballo ou continúa estudos superiores xa especializados, non vai saber sequera quen era Aristóteles ou Kant, o que non sería máis que

unha deficiencia, por clamorosa que fora, na súa preparación, se non comportara unha demediación intelectual e humana na súa equipaxe para confrontarse o seu mundo como individuo e suxeito cidadá pleno.

E por todo iso que:

“O Parlamento de Galicia insta á Consellaría de Educación a:

1. No marco das súas competencias realizar as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do Bacharelato a obrigatoriiedade da Historia da Filosofía como materia troncal.
2. Instar ao Ministerio de Educación do Goberno do Estado a propiciar nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia .”



20 ABR. 2017

Razóns da Proposición non de lei.

1. É acordo compartido universalmente o relativo a importancia da *Filosofía* na formación de ~~de forma especial, atinxe~~ **8124** toda persoa pola dimensión que representa en canto disciplina que, a todo ser humano, pois todos dalgún modo, non metódico, non sistemático, son filósofos polas preguntas que se fan, pola natureza das súas reflexións ao longo de momentos distintos das súas vidas.
2. A filosofía afecta transversalmente a todo o aprendido polo alumno, tanto no seus contidos científicos como sociais e éticos en xeral. Ten unha función de reflexión integradora, que asume tanto os contidos das diversas ciencias nos que alumno foi iniciado, como os demais aspectos, teóricos e prácticos, da súa formación; reflexiónaos nun nivel superior, establece nexos e preguntas sobre eles, reorientaos con actitude crítica. Deste modo proporciona un efecto de asentamento consciente do aprendido, á vez que lle proporciona unha nova dimensión. A formación queda nun nivel de incompletitude, de *curriculum* non culminado, se falta, pois, esa reflexión de segundo grao que é a filosofía.
3. A constatación recoñecida de certa desorientación, desubicación vital, vulnerabilidade intelectual do suxeito ante un manexo cada vez máis grande de información, transmitida polas máis diversas fontes e formatos, ante a exposición a unha diversidade maior de experiencias e acontecementos, ante unha diversidade de modos de captación de consciencias e vontades, require do individuo unha ferramenta teórica adecuada, unha capacidade reflexiva que a formación filosófica, como é recoñecido, proporciona especialmente. Parámetros elementais como verdade/falsidade, xusto/inxusto, realidade/virtualidade, ciencia/ideoloxía, moral/amoral/inmoral, universal/particular, etc non son hoxe xa algo medianamente claro na conciencia de cada un, medios de orientación na sociedade e no noso mundo.
4. Un contexto, nada coxuntural, de aceleración de cambios, laborais, sociais, tecnolóxicos, culturais que afectan a todas as dimensións da existencia, intensificando a situación de certa precariedade por parte dos individuos de medios intelectuais para orientarse e dotar de fundamentos a súas decisións persoais e públicas, sendo a formación filosófica un elemento esencial nesa equipaxe teórica.
5. Encontrámonos, con todo, nunha situación paradoxal: mentres todos os factores, como moitos dos sinalados, acentúan a necesidade da formación filosófica, esta, nos programas de estudos, non deixan de minguar, e coa última lei de educación (LOMCE) se pon ao borde da súa desaparición. Por vez primeira nos atoparemos con estudantes que non saberán nada de Aristóteles ou Kant, o que non é soamente unha grave cuestión de preparación, senón algo máis importante: un síntoma claro da falla no equipamento intelectual do individuo para confrontarse conscientemente aos retos do mundo actual.
6. Unha certa conciencia desta situación da formación filosófica levou xa a nove Comunidades Autónomas (Asturias, Cataluña, Extremadura, Andalucía, Aragón, Murcia, Cantabria, Baleares e La Rioja) a adoptar medidas de distinto tipo para, cando menos, paliar o seu dano, facendo que a filosofía conservara a súa presenza, e, en particular, unha materia da relevancia da Historia da Filosofía nos estudos de Bacharelato, ata o de agora común a todas as modalidades do mesmo, puidera conservar dalgún modo o seu lugar.

20 ABR. 2017

As e os abaixo asinantes forman parte da Comisión Promotora para a
incorporación da Filosofía no sistema educativo galego:

Núm. 8124

Jorge Álvarez 34608880K

CHAÍN LOUREIRO, SB, 36382- BONDOLIA
(Pontevedra)

Carme Adán 52482330X

RÚA ROMIL 32 BH 36202 U160
618415719

Ramón Soler

36.031.647P

Pilar Fariñas

32442131X

Mercedes Oliveira

35545768G

Alberto Mariño

34248753M

Inés Fernández Buján

34948228-G

Bieito Sousa

~~V. Breit Sousa~~

36074565P

Manuel Anxo Fortes Torres

36019679T

Eva Garea 33255314M

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO


- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727